

# traballos

---

## A PROBLEMATICA DO CAOLIN EN GALICIA

Seminario de Estudos Cerámicos  
Sección de Tecnoloxía  
*Sargadelos (Cervo)*

### Xustificación do propósito:

A idea de elaborar este breve informe xurdiu a raíz da aparición na prensa do país dun artigo titulado *El Caolín en un círculo vicioso*, que aunque viña sin firma debía proceder de fontes achegadas á Dirección Xeral de Minas (Ver La Voz de Galicia do 30-12-77).

O Seminario de Estudos Cerámicos pretende que este informe sirva de punto de partida pra comprometer ós organismos oficiais e as empresas especialistas deste sector, nunha investigación profunda da problemática actual do caolín en Galicia e nunha busca conxunta de solucións que conduzan a situar este sector nun plano preferente do desenvolvemento do noso país, lugar que lle corresponde non só pola calidades, senón tamén polas reservas dos seus caolíns.

### Datos estadísticos:

Os datos estadísticos que figuran neste informe fo  
BRANA. *Bol. Soc. Gal. Hist. Nat.* Ano 1978. No. 2 (8-23).

ron tomados da *Estadística del Comercio Exterior de España*, editado pola Dirección Xeral de Aduanas, e da *Estadística Minera de España*, do Servicio de publicacións do Ministerio de Industria, referidos ós anos 1975 e 1976.

Os gráficos e diagramas están feitos co ánimo de resumir gráficamente estes datos pra unha maior facilidade de lectura.

### Problemática do caolín en Galicia:

Do exame dos datos recollidos pode derivar unha serie de consideracións que imos expor.

Galicia é unha importante zona no sector do caolín, tanto pola súa produción como polas súas reservas.

Si botamos man das cifras de que dispomos, tomadas das publicacións estadísticas oficiais, sempre coas lóxicas reservas en canto á súa veracidade, observamos que Galicia, en 1976, producía 86.000 Tm. de caolín lavado, o que supoñía un 42% do total nacional.

Referíndonos á distribución provincial, A Coruña e Lugo repártense a totalidade da produción, e é esta última a de maior volume. Esta circunstancia debe considerarse lóxica, xa que, si miramos no Mapa Xeolóxico, observaremos que os xacementos máis importantes coñecidos están nestas dúas provincias.

Os lavadeiros de caolín, citados pola situación xeográfica onde están ubicados, son os seguintes:



## SITUACIÓN XEOGRÁFICA DOS LAVADEIROS DE CAOLIN EXISTENTES EN GALICIA.

- activo
- ▲ inactivo
- fase de investigación

*Provincia da Coruña*

Laxe	-----	inactivo (desde 1977)
Santa Comba	-----	activo
Monte Salgueiro	-----	explotación primitiva
Vimianzo	-----	en fase de investigación

*Provincia de Lugo*

Burela	-----	activo
Lago	-----	inactivo (desde 1977)
Foz	-----	inactivo
Vicedó	-----	activo

Si atendemos ás súas reservas, o futuro debería ser prometedor. As xa coñecidas e nalgúns casos explotadas, hai que sumar as investigadas o ano pasado no Concello de Vimianzo e que como xa indicamos representan uns 14 millóns de toneladas, cunha riqueza media do 30%. E según os estudos feitos, cunhas calidades aproveitables sobre todo na industria cerámica e papeleira. Esto sin contar as zonas que non foron estudadas e outras que, aínda xeoloxicamente coñecidas, están sin cuantificar as súas reservas á hora de poder estudar o seu rendimento económico.

De todo o que levamos dito pode deducirse a importancia de Galicia no sector do caolín, tanto polas súas calidades como polas súas reservas e produción. Así e todo, en contradición aparente co que se dixo, observamos que só en 1977 pecharon dous lavadeiros de caolín, o que nos indica a existencia dun granve problema de fondo, do que debemos analizar a orixe da súa causa pra despóis intentar poñerlle o remedio axeitado.

A orixe desta situación:

Si volvemos a botar man das estadísticas e observamos a referente á importación-exportación, o saldo é negativo pra esta última. España importou en 1976 caolín lavado (e/ou calcinado) do orde das 87.559 Tm. por un valor aproximado de 500.000.000 de ptas. e exportou 59.000 Tm. por un valor medio de 200.000.000 de ptas. O déficit, con consecuencia, duns 300.000.000 de ptas., que en 1977 se viron aumentados a 750 millóns.

Según se colixe das cifras que se indican nos cadros referentes á importación-exportación, polo ano 1985 a demanda de caolín situarase próxima ás 500.000 Tm. cun valor aproximado das importacións próximo ós 5.000 millóns de ptas. Estas cifras son xa dabondo importantes pra que non se poda deixar por moito máis tempo a aplicación de medidas eficaces cara á resolución da problemática deste sector.

Da cantidades de toneladas exportadas, e mesme a falla de datos oficiais, poderíamos dicir con certeza que perto do 60% de caolín saíu a traveso do porto de Burela (Lugo) pra manter con preferencia á industria da porcelana europea. A razón hai que busca na extraordinaria calidade natural dos caolíns de Fazouro (Lugo).

O mesmo sucede co precio que pagamos por tonelada: referido a suma de caolín bruto e tratado).

	<u>Importación</u>	<u>Exportación</u>
1975	4.690 ptas/Tm	2.140 ptas./Tm.
1976	5.049        "	2.472        "
1977	5.500        "	3.054        "

Como podemos deducir, estamos pagando o caolín importado a algo máis da dobra do que nos pagan polo exportado, e isto debido a que cáse a totalidade do caolín que se im



# PRODUCCIÓN DO CAOLIN LAVADO REFERIDO A GALICIA E A ESPAÑA.

---



GALICIA

1975

ESPAÑA



1976




porta vai destinado á industria papeleira, o que implica unha serie de tratamentos posteriores ó propio do lavado que xeneran un valor sumado superior ó que nos producimos e que se destina cáse totalmente á industria cerámica.

A culpa deste desfase botámoslla, entre outras cousas, ó insuficiente nivel de desenrolo tecnolóxico de boa parte das nosas explotacións, o que orixina unha falta de regularidade e ausencia de normalización da materia prima elaborada, que forza ó sector consumidor a acudir á importación. Os datos estadísticos poden orientarnos outra vez sobre o que pasa. No ano 1976 estaban en activo 123 minas, anque o 75% delas ocupaba un promedio de 4 traballadores e só unha empresa, precisamente na provincia de Lugo, estaba por riba dos 100 traballadores. Estes datos revelan un "minifundismo" das explotacións, que na súa grande parte son de tipo familiar e cunhas técnicas de explotación artesanales. Mesmo así, noutros casos non é esta a única causa, senón que hai que sumar tamén un exceso de personal debido á falla de renovación das instalacións e equipos.

A consecuencia que se deriva é que non estamos preparados nin en desenrolo tecnolóxico nin na organización das nosas empresas pra obter esas calidades de caolín que hoxendía precisamos importar. Polo contrario, aqueles países que dedicaron parte do seu esforzo económico a potenciar a súa investigación científica e tecnolóxica lograron como resultado poñerse na dianteira non só a hora de fixar os precios no mercado internacional, senón tamén nas explotacións daqueles países nos que actúan, ben introducindo as súas técnicas a traveso de patentes e asesoramento técnico, ben levando o produto bruto pra, unha vez elaborado ou manufacturado, volvelo ó lugar de orixe con conseguinte valor sumado.

# PRODUCCIÓN E COMERCIO EXTERIOR DO CAOLIN LAVADO



- 1 Producción total de España en Tm.
- ▨ " de Galicia
- 2 Caolín importado
- 3 " exportado



## Algunhas posibles solucións:

Expostas algunhas das causas que nos levaron a esta situación, é preciso buscarlle solucións que nos permitan romper o círculo vicioso no que nos atopamos pra dar un impulso cara ó futuro, que debe ter como meta final converter a Galicia nun país produtor de caolín que compita polas súas calidades nos mercados internacionais dentro dunha economía que xenere o seu desenvolvemento.

Seguidamente indicamos algunhas das solucións que, ó noso xuízo, deberían ser tomadas e que non descartan un posible diálogo entre os sectores e persoas interesadas no tema.

- Será preciso proceder ós traballos xeolóxicos necesarios encamiñados á prospección, estudo e valoración das reservas de caolín existentes. Pra levar a cabo este labor deberíase crear unha sección dependente do Instituto Xeolóxico e Mineiro coa suficiente autonomía pra que o control e proposta dos traballos se fixese mirando con prioridade ós intereses de Galicia.
- Precísase a creación dun Instituto do Caolín onde teñan preferencia as investigacións dirixidas á obtención destas calidades de caolín que hoxe importamos. O propio tempo, dedicaríase á realización de estudos de aplicación tecnolóxica e de identificación de materiais, o que completaría os traballos xeolóxicos realizados.

Outra das súas funcións debería ser a de asesorar tecnicamente as industrias do sector.

- Comprirá fomentar e subvencionar a investigación a nivel industrial dirixida ó deseño e execución de equipos e maquinaria necesarios pra obtención deste caolín altamente tipificados. Hoxendía as plantas que se instalan fáno na súa maioría con tecnoloxía e técnicos estranxeiros.
- Orientar a investigación ás singulares características



# VALOR DA PRODUCCIÓN DO CAOLIN LAVADO REFERIDO A GALICIA E O RESTO DE ESPAÑA.

---



GALICIA

1975

ESPAÑA



1976



da xeoloxía galega. Como se sabe, e referido ó caolín, existen zonas ou bolsadas de boa calidade pero de escasa potencia que non xustificarían a inversión en instalacións costosas de carácter permanente. Así e todo, sí se xustificaría a investigación dirixida ó diseño de equipos "móviles" que polas súas características e facilidade de desplazamiento non precisan unha forte inversión de obra fixa e poden ser desmontados e trasladados con relativa facilidade.

- Encamiñar as investigacións ó aproveitamento íntegro dos produtos do caolín, sin descartar a posibilidade de creación de algunha planta de preparación de pastas cerámicas.
- Comenzar os estudos dirixidos á busca dun tipo de empresa que se identifique coas nosas peculiaridades e tenda á agrupación das pequenas empresas, moitas delas situadas en zonas relativamente próximas, por outras de maior volume, capaces de afrontar os gastos dunha mecanización moderna e unha tecnoloxía e comercialización axeitadas.

Mais todo esto, pra poder ser levado a unha realidade próxima, precisa ser atendido por un amplo sector de persoas e organismos que polas súas facultades de convocatoria e decisión, poidesen ser determinantes á hora de facelo posible.

Sargadelos, Maio/78.

ESTADISTICA DA PRODUCCION DE CAOLIN LAVADO

AÑO		PRODUCCION GALICIA (Tm)	PRODUCCION ESPAÑA (Tm)	TONELADAS IMPORTADAS	TONELADAS EXPORTADAS
1975		89.469	207.378	84.818	47.536
	Valor (x 10 <sup>3</sup> Pts)	189.248	354.695	440.331	101.503
	Precio (Pts./Tm)	2.115	1.710	5.838	2.135
1976		86.618	207.180	87.559	59.215
	Valor (x 10 <sup>3</sup> Pts.)	205.370	394.682	495.185	146.394
	Precio (Pts/Tm)	2.370	1.905	5.655	2.472

ESTADISTICA DA PRODUCCION DE CAOLIN BRUTO

AÑO		PRODUCCION GALICIA (Tm)	PRODUCCION ESPAÑA (Tm)	TONELADAS IMPORTADAS	TONELADAS EXPORTADAS
1975	Toneladas	9.045	139.249	36.552	157
	Valor (x 10 <sup>3</sup> ) Pts.	2.749	14.728	129.258	751
	Precio (Pts/Tm)	.304	105	3.536	4.783
1976	Toneladas	9.800	131.914	46.884	22
	Valor (x 10 <sup>3</sup> ) Pts.	4.023	15.036	183.636	81
	Precio (Pts/Tm)	410	114	3.917	3.682

ESTADISTICA ANUAL DO COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA, CAOLIN BRUTO

	IMPORTACION		EXPORTACION	
	Tm.	Miles Pts.	Tm.	Miles Pts.
1975	36.552	129.258	155	751
1976	46.884	183.636	22	81
1977	57.635	242.745	67	1.038

ESTADISTICA ANUAL DO COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA, CAOLIN LAVADO

	IMPORTACION		EXPORTACION	
	Tm.	Miles Pts.	Tm.	Miles Pts.
1975	84.818	440.331	47.536	101.503
1976	87.559	495.185	59.215	146.394
1977	108.157	676.695	57.653	175.294

ESTADISTICA ANUAL DO COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA.

CAOLIN BRUTO

CAOLIN LABADO

	IMPORTACION		EXPORTACION	
	Tm.	Miles Pts.	Tm.	Miles Pts.
1975	121.370	569.589	47.691	102.254
1976	134.443	678.821	59.237	146.475
1977	165.792	919.940	57.720	176.332



## Resumen:

Se hace una revisión de las causas que provocaron la actual situación del sector del caolín y que han originado el cierre de parte de los lavaderos. A continuación se proponen algunas soluciones encaminadas a conseguir una mayor elaboración industrial del caolín, lo que implicaría un valor añadido superior y una reducción de las importaciones.

## Summary:

A review of the causes that have influenced the present situation of Kaolín sector originating closure of part of the processing plants, is made. Following this, are proposed some solutions to attain a greater industrial elaboration of kaolin. This would involve a superior added-value and a decrease of importations.

## Resume:

Faise unha revisión das causas que fixeron posible a situación que o sector do caolín ten hoxendía e que deu co peche de boa parte dos lavadeiros. Proponñense despois algunhas solucións pra acadar unha mellor elaboración industrial do caolín, o que levaría conseqüenza un meirande valor engadido e unha baixa das importacións.